
POLO CAMIÑO

Texto e ilustracións de **MARIANA RUIZ JOHNSON**

Tradución de **XOSÉ BALLESTEROS**

Libro de cartón a todo color. 19 x 19 cm. 26 páx. 10 €.

Polo camiño (galego)

ISBN 978-84-8464-297-8. Acartonados. Prelectores.

Por el camino (castelán)

ISBN 978-84-8464-296-1. Acartonados. Prelectores

Enfilant el caminet (catalán)

ISBN 978-84-16804-09-2. Cartró. Pre-lectors.

Bidean zehar (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-088-1. Kartoizko orriak.

Lungo il cammino (italiano)


ISBN 978-88-95933-74-0. Cartonati. Prelettori.

*Andando polo camiño,
con cacahuetes e uvas,
xa chega mamá elefanta
xunto á elefantiña: UNHA ...*

“Polo camiño” é un poema-canción infantil que desprende ledicia, ritmo e musicalidade. Está protagonizado por distintos animais -dende elefantes a ratos, gatos e osos- que marchan ao ritmo destes versos octosílabos, marcando unha progresión numérica. Así, do 1 ao 10 vanse enumerando personaxes ata chegar a un sorprendente e festivo destino.

Logo de “[Mamá](#)”, a obra coa que Mariana Ruiz Johnson gañou o VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, e “[A viaxe de mamá](#)”, neste libro de cartón para pre-lectores e primeiros lectores a autora volve centrarse na familia.

Xunto coa aprendizaxe dos primeiros números, “Polo camiño” tamén contribúe ao coñecemento de distintos alimentos e dalgunhas cualidades que caracterizan a quen os porta. O intenso colorido das ilustracións é outro dos alicientes desta divertida proposta de lectura, con figuras dinámicas, expresivas e recoñecibles.



-
- **Temática:** poema infantil.
 - **Idade recomendada:** pre-lectores e primeiros lectores.
 - **Aspectos destacables:** libro de cartón; familia, fauna, natureza; números, alimentos; poesía, ritmo, musicalidade; ledicia colectiva, celebración festiva, amizade; da autora de “[Mamá](#)” (VI Premio Compostela) e “[A viaxe de mamá](#)” (KALANDRAKA).
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/polo-caminho-g>
-

Mariana Ruiz Johnson

(Bos Aires, 1984)

Estudou Artes Visuais no Instituto Universitario Nacional de Arte, en Bos Aires. Formouse na escola Sótano Blanco co ilustrador colombiano José Sanabria e asistiu a talleres de ilustración en Europa. Ademais do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2013 por “[Mamá](#)” (KALANDRAKA), en 2009 foi finalista do Premio A la Orilla del Viento do Fondo de Cultura Económica, e no 2015 gañou o Silent Book Contest. Publicou varios libros da súa autoría con editoriais latinoamericanas, europeas e asiáticas.
<https://marianaruizjohnson.wordpress.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

